



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DA UDC NOS ARQUIVOS E MUSEOS DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

O director xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral de Políticas Culturais, ten previsto formalizar coa UDC o instrumento convencional arriba mencionado por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura por un período de catro (4) anos, podendo prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos de común acordo entre as partes.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento dun programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado da UDC nos arquivos e museos da Consellería de Cultura e Turismo.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A cláusula 3ª da exposición de motivos sinala que “a adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da Universidade da Coruña, de aí que sexa un dos obxectivos da UDC complementar a súa formación teórica mediante as prácticas en entidades que lles permita coñecer a realidade laboral”.

A cláusula 4ª recolle que a “Consellería de Cultura e Turismo ten interese en colaborar no sistema de formación práctica do alumnado da UDC”.

As prácticas obxecto deste convenio insírense dentro das funcións propias dos museos e arquivos que, como institucións culturais e científicas, teñen o labor de colaborar na instrución das persoas con formación universitaria poñendo á súa disposición a súa experiencia, tanto na xestión e difusión do patrimonio natural e cultural que custodian como na organización de actividades e proxectos culturais.





Tanto a Consellería de Cultura e Turismo como a UDC teñen uns obxectivos en parte coincidentes e complementarios, e poden mellorar o desenvolvemento das súas liñas de actuación mediante a colaboración no marco da lexislación vixente.

O contido das prácticas proporciona a oportunidade de combinar os coñecementos teóricos cos de contido práctico, adquirindo as competencias necesarias para a súa inserción no mundo laboral cun mínimo de experiencia: xestión e programación cultural en institucións e administracións públicas, análise de distintas manifestacións culturais e deseño e coordinación de exposicións.

Este convenio de colaboración carece de repercusión económica polo que non implica a adquisición de ningún tipo de obrigas por parte da Consellería de Cultura e Turismo no seu orzamento.

Os intereses comúns das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo a natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela a de maio de 2019

O director xeral de Políticas Culturais

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

